



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Programación

Didáctica.

Departamento de Ruso

Curso 2023 - 2024

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Marco legal e consideracións principais

1.2. Contexto educativo

2. NIVEL BÁSICO

2.1. Obxectivos

2.1.1. Obxectivos xerais do nivel Básico A1

2.1.2. Obxectivos específicos do nivel Básico A1

2.1.3. Obxetivos xerais do nivel Básico A2

2.1.4. Obxetivos específicos do nivel Básico A2

3. Contidos específicos de Nivel Básico

3.1 Contidos específicos do nivel Básico A1

3.2 Contidos específicos do nivel Básico A2

4. Secuenciación e temporalización

4.1. Secuenciación e temporalización por cuadrimestres Básico A1

4.2. Secuenciación e temporalización por cuadrimestres Básico A2

5. Avaliación. Criterios

5.1. Natureza e tipos de avaliación

5.2. Procedementos e instrumentos de avaliación para o nivel A1

5.2.1 Criterios de avaliación e mínimos esixibles para o nivel A1

5.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para o nivel A2

5.3.1 Criterios de avaliación e mínimos esixibles para o nivel A2

6. Metodoloxía

7. Atención á diversidade

8. Recursos

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Marco legal e consideracións principais

A presente programación didáctica baséase na normativa vixente para o currículo das Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia. A lexislación que lle serve como marco de referencia é a citada a continuación:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 29 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

- Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, establécese o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos ensinos de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e establécense as equivalencias entre os ensinos de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.

- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos ensinos de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Circular 3/2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2018-2019.

Doutra banda, o Departamento de Ruso da EOI da Coruña parte do ensino baseado nunha educación ao servizo do alumnado, que estará orientada ao uso práctico do ruso como ferramenta de comunicación. Outro principio importante será ofrecer unha educación de calidade. Partindo destas máximas e da lexislación citada arriba confiamos en que a programación didáctica deste departamento sirva de axuda eficaz na consecución dos obxectivos de cada un dos niveis que impartimos.

1.2. Contexto educativo

- O Departamento de Ruso

O Departamento de RUSO da EOI da Coruña conta con máis de 30 anos de historia e actualmente é un dos 11 departamentos de coordinación didáctica que compoñen a Escola Oficial de Idiomas da Coruña. O Departamento consta de 2 profesores: Miguel Bierkowski Kobrin e Irina Yurievna Stepánova Bolshakova.

O Departamento conta cunha páxina web, así como cun e-mail de contacto para resolver as posibles dúbidas de persoas interesadas.

Durante este curso 2023-2024 o Departamento imparte 4 cursos que corresponden a 3 niveis do MCER: A1, A2 e B1. Todos os cursos son anuais e impártense en horario de tarde. Hai 4 horas semanais en sesións de 2 horas.

- O alumnado

O noso alumnado é moi heteroxéneo, de moi diferentes idades e motivacións, e a súa situación tamén é moi dispar: Hai estudantes, traballadores, desempregados, amas de casa, etc. Todas as persoas que se matriculan adoitan demostrar moito interese e un nivel de motivación bastante alto. Considerando este feito a política

do departamento é, na medida do posible, ofrecer contidos adecuados ás características e necesidades do alumnado matriculado.

2. NIVEL BÁSICO (2 anos: A1 e A2)

O currículo correspondente ao nivel básico ten como referencia as competencias propias do nivel A2, segundo se define este nivel no Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa.

O nivel básico ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para utilizar o idioma oralmente e por escrito de xeito eficaz e apropiado en situacións comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar. Este nivel de uso do idioma deberá permitir igualmente actuar en tales situacións mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de xeito directo.

2.1 Obxectivos

2.1.1. Obxectivos xerais do nivel Básico A1

As ensinanzas do nivel básico A1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Este nivel de uso do idioma permitirá, igualmente, actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

Con este fin, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico A1, o alumnado será capaz de:

– Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade de lingua estándar, en situacións en que se utilicen frases moi sinxelas e habituais referidas a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.

– Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por outros medios técnicos, textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiás e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.

– Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos moi breves e sinxelos claramente estruturados, en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.

– Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.

– Mediar entre falantes de distintas linguas en situacións de carácter moi habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiás ou con información persoal moi básica.

2.1.2. Obxectivos específicos do nivel Básico 1

Comprensión Oral

- Comprender o esencial en situacións en que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal sempre que se fale con lentitude e con claridade.
- Seguir un texto breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no cal se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.
- Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.
- Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiás, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade.

Competencias e contidos.

Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, transporte...); ás relacións persoais (estrutura e relacións sociais e familiares); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá).

Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento.
- Identificar o tipo de texto, adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.
- Deducir e formular hipóteses sobre o significado probable das palabras ou frases que descoñece, a partir do contexto.
- Comprobar hipóteses: axustar as claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos
- Memorizar as palabras e estruturas novas aprendidas.

Competencia e contidos funcionais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua oral:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, solicitarlle axuda a esta para facilitar a comprensión (p. ex. falar devagar, soletrear, repetir), preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Información xeral: pedir e dar información sobre datos persoais; pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades; preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa; indicar posesión, indicar onde e cando ocorre algo; referirse a accións cotiás presentes.
- Opinións e valoracións: expresar intereses, preferencias e gustos; afirmar e negar algo; mostrar acordo, satisfacción; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento, seguridade ou inseguridade.
- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar sensacións físicas e sentimentos.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir axuda, obxectos e servizos; invitar, e reaccionar adecuadamente.

Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais moi básicos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en contextos moi habituais:

- Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizalos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais a que se enfrenta.
- Cohesión: utilización de recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral; utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa, onde se aprecia unha forte influencia da propia lingua, tanto no ritmo coma na entoación; mantemento, de forma incipiente, da concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.

Competencia e contidos sintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas moi sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados e accións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción e disxunción.

Competencia e contidos léxicos.

Comprensión do léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e cuidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

Criterios de avaliación.

- Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.
- Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio moi común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos máis elementais relativos á organización textual.
- Aplica á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización dos patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.
- Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Obxectivos.

- Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.
- Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.
- Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.
- Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas sempre que se fale a modo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.
- Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

Competencias e contidos.

Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto oral dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, transporte...); ás relacións persoais (estrutura e relacións sociais e familiares); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá).

Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos orais:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolverla.
- Preparar ou planificar o posible desenvolvemento do intercambio tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou acabar unha conversa breve e para pedir que lle presten atención.
- Ensaia o texto oral (gravarse, repetir termos en voz alta, empregar regras mnemotécnicas...).

- Adecuar de forma básica o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos (utilizar a linguaxe da que se sente moi seguro/a...).
- Probar novas expresións e, en xeral, ser capaz de adoptar certos riscos sen bloquear a comunicación.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua, pedindo ou facilitando axuda ou aclaracións cando sexa preciso.
- Efectuar, de forma básica, as repeticións, aclaracións e correccións necesarias para compensar as dificultades, rupturas e malentendidos na comunicación.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua moi sinxelo, parafrasear, usar a lingua materna...) ou extralingüísticos (facer ver aquilo a que quere referirse sinalándoo co dedo, usar a linguaxe corporal, usar sons onomatopéicos...).
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos (analizar a reacción do/a interlocutor/a ou da audiencia...).

Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua oral:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, solicitarlle axuda a esta para facilitar a comprensión (p. ex. falar devagar, soletrear, repetir), preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Información xeral: pedir e dar información sobre datos persoais; pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades; indicar posesión, indicar onde e cando ocorre algo; referirse a accións cotiás presentes.
- Opinións e valoracións: expresar intereses, preferencias e gustos; afirmar e negar algo; mostrar acordo, satisfacción; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento, seguridade ou inseguridade.
- Estados de saúde sensacións e sentimentos: expresar sensacións físicas e sentimentos, pero non síntomas.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir axuda, obxectos e servizos; invitar, e reaccionar adecuadamente.

Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais moi básicos propios da lingua oral á produción de textos orais monolóxicos e dialóxicos, en contextos moi habituais:

- Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilízalos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais que produce.
- Cohesión: utilización de recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral; utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa; mantemento, de forma incipiente, da concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.

Competencia e contidos sintácticos.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa, e uso de estruturas sintácticas moi sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);

- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados e accións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción e disxunción

Competencia e contidos léxicos.

Coñecemento, selección e uso do léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común.

Criterios de avaliación.

- Aplica á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos máis elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.
- Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, utilizando unha serie de procedementos moi sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.
- Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio moi común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos máis elementais.
- Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.
- Interactúa de maneira sinxela en intercambios caracterizados por intervencións moi breves e significativas, articuladas de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (entoación, repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa intelocutora.

Actividades de comprensión de textos escritos.

Obxectivos.

- Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.
- Comprender instrucións e indicacións breves que conteñan información moi sinxela, relacionadas c

actividades e situacións cotiás, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, instrucións de aparellos de uso frecuente, menús de restaurantes, folletos...).

- Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.
- Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.
- Comprender información relevante en noticias moi breves e titulares xornalísticos que contan con apoio visual.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

Competencias e contidos.

Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, transporte...); ás relacións persoais (estrutura e relacións sociais e familiares); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá).

Competencia e contidos estratéxicos

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos escritos:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliación dos propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento.
- Identificar o tipo de texto, adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.
- Deducir e formular hipóteses sobre o significado probable das palabras ou frases que descoñece, a partir do contexto.
- Comprobar hipóteses: axustar as claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar as palabras e estruturas novas aprendidas.

Competencia e contidos funcionais.

Recoñecemento das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativo:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedir confirmación da comprensión, solicitar axuda para facilitar a comprensión, preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Información xeral: pedir e dar información sobre datos persoais; pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades; preguntar ou expresar se existe algo, e se se sabe unha cousa; indicar posesión, indicar onde e cando ocorre algo; referirse a accións cotiás presentes.
- Opinións e valoracións: expresar intereses, preferencias e gustos; afirmar e negar algo; mostrar acordo, satisfacción; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento, seguridade ou inseguridade.
- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar sensacións físicas e sentimentos, pero non síntomas.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir axuda, obxectos e servizos; invitar, e reaccionar adecuadamente.

Competencia e contidos discursivos

Comprensión de modelos contextuais e patróns textuais moi básicos propios da lingua escrita, tendo presentes a súa coherencia e cohesión:

- Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizalos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos escritos a que se enfrenta.
- Cohesión: utilización de recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos máis básicos de puntuación; mantemento, de forma incipiente, da concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.

Competencia e contidos sintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas moi sinxelas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados e accións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción e disxunción.

Competencia e contidos léxicos.

Comprensión do léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e cuidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

Competencia e contidos ortotipográficos.

Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos, e convencións ortográficas máis elementais.

Criterios de avaliación.

- Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.
- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.
- Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio moi común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos máis elementais relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.
- Coñece os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso máis frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo de texto.
- Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Obxectivos.

- Completar documentos básicos en que se solicite información persoal.
- Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.
- Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.
- Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos elaborando estes segundo textos modelo.

Competencias e contidos.

Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, transporte...); ás relacións persoais (estrutura e relacións sociais e familiares); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá).

Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos escritos:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolverla.
- Preparar ou planificar a estrutura básica do texto tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Ensañar o texto escrito (subliñar, empregar regras mnemotécnicas...).
- Adecuar de forma básica o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos (utilizar a linguaxe da que se sente moi seguro/a...).
- Probar novas expresións e, en xeral, ser capaz de adoptar certos riscos sen bloquear a comunicación.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua moi sinxelo, parafrasear, usar a lingua materna...) ou extralingüísticos (usar sons onomatopéicos...).
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua escrita:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incomprensión, pedir confirmación da comprensión, solicitar axuda para facilitar a comprensión, preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Información xeral: pedir e dar información sobre datos persoais; pedir e dar información sobre lugares,

horarios, datas, prezos, cantidades e actividades; preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa; indicar posesión, indicar onde e cando ocorre algo; referirse a accións cotiás presentes.

- Opinións e valoracións: expresar intereses, preferencias e gustos; afirmar e negar algo; mostrar acordo, satisfacción; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento, seguridade ou inseguridade.
- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar sensacións físicas e sentimentos, pero non síntomas.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir axuda, obxectos e servizos; invitar, e reaccionar adecuadamente.

Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais moi básicos propios da lingua escrita á produción e coprodución de textos:

- Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizalos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos que produce.
- Cohesión: utilización de recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos máis básicos de puntuación; mantemento, de forma incipiente, da concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.

Competencia e contidos sintácticos.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas sintácticas moi sinxelas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados e accións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción e disxunción.

Competencia e contidos léxicos.

Coñecemento, selección e uso do léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e cuidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

Competencia e contidos ortotipográficos.

Selección, segundo a intención comunicativa, e uso dos patróns gráficos e convencións ortográficas máis elementais.

Criterios de avaliación.

- Aplica á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos máis elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.
- Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p. ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto.
- Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio moi

común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos máis elementais para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

– Utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.

– Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

– Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais na redacción de textos en papel ou soporte dixital.

Actividades de mediación.

Obxectivos.

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos (carteis, folletos, formularios, correspondencia, cartas e menús de restaurantes, horarios, conversas, notas...), sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade e con repeticións.

Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas cales se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.

Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (cancións, noticias, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

Competencia e contidos interculturais.

Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás e familiares moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.

Criterios de avaliación.

- Coñece os aspectos básicos máis xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é capaz de actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

- Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.

- Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

2.1.3. Obxetivos xerais do nivel Básico A2

As ensinanzas do nivel básico A2 teñen a finalidade de capacitar o alumnado para levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

Con esta finalidade, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro, que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico A2, o alumnado será capaz de:

– Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais, repeticións ou reformulacións.

– Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.

– Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.

– Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.

– Mediar entre falantes de distintas linguas en situacións de carácter habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

2.1.4. Obxetivos específicos do nivel A2

Actividades de comprensión de textos orais.

Obxectivos.

Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas con que se estea moi familiarizado/a sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, e identificar un cambio de tema.

Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

Competencias e contidos.

Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...); ás relacións persoais (relacións sociais, familiares, profesionais...); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, tabús, vestiario...).

Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento.
- Identificar o tipo de texto, adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.
- Deducir e formular hipóteses sobre o significado probable das palabras ou frases que descoñece, a partir do contexto.
- Comprobar hipóteses: axustar as claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar as palabras e estruturas novas aprendidas.

Competencia e contidos funcionais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua oral:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación, iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, preguntar o significado dunha palabra ou expresión, reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.
- Información xeral: describir persoas, obxectos e lugares; referirse a accións e situacións presentes e pasadas; expoñer proxectos e formular hipóteses.
- Opinións e valoracións: valorar un feito; xustificar unha opinión ou unha actividade; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.
- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar estados de ánimo.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade.

Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en contextos moi habituais:

- Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais a que se enfronta; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co interlocutor ou coa interlocutora (tratamentos, xestos e actitudes).
- Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral; utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

1.2.5. Competencia e contidos sintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

Competencia e contidos léxicos.

Comprensión do léxico oral básico e de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e cuidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

Criterios de avaliación.

- Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto.
- Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos básicos relativos á organización textual.
- Aplica á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización dos patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.
- Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Obxectivos.

Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

Descibir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos e das oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.

Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais en relación con asuntos cotiáns; e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou suxestións sobre un tema coñecido.

Solicitar a colaboración do/a interlocutor/a e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

Competencias e contidos

Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto oral dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...); ás relacións persoais (relacións sociais, familiares, profesionais etc.); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, tabús, vestiario...).

Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos orais:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolverla.
- Preparar ou planificar o posible desenvolvemento do intercambio tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou acabar unha conversa breve e para pedir que lle presten atención.
- Ensañar o texto oral (gravarse, repetir termos en voz alta, empregar regras mnemotécnicas...).
- Adecuar de forma básica o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos (utilizar a linguaxe da que se sente moi seguro/a...).
- Probar novas expresións e, en xeral, ser capaz de adoptar certos riscos sen bloquear a comunicación.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua, pedindo ou facilitando axuda ou aclaracións cando sexa preciso.
- Efectuar, de forma básica, as repeticións, aclaracións e correccións necesarias para compensar as dificultades, rupturas e malentendidos na comunicación.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua moi sinxelo, parafrasear, usar a lingua materna...) ou extralingüísticos (facer ver aquilo ao que quere referirse sinalándoo co dedo, usar a linguaxe corporal, usar sons onomatopéicos...).
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos (analizar a reacción do/a interlocutor/a ou da audiencia...).

Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua oral:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación, iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, preguntar o significado dunha palabra ou expresión, reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.
- Información xeral: describir persoas, obxectos e lugares; referirse a accións e situacións presentes e pasadas; expoñer proxectos e formular hipóteses.

- Opinións e valoracións: valorar un feito; xustificar unha opinión ou unha actividade; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.
- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar estados de ánimo.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade.

Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua oral á produción de textos monolóxicos e dialóxicos, en contextos moi habituais:

- Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais que produce; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co/a interlocutor/a (tratamentos, xestos e actitudes).
- Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral; utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

Competencia e contidos sintácticos.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

Competencia e contidos léxicos.

Coñecemento, selección e uso do léxico oral básico e de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e cuidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común.

Criterios de avaliación.

- Aplica á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.
- Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.
- Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos básicos.

- Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.
- Interactúa de maneira sinxela en intercambios caracterizados por intervencións breves e significativas, articuladas de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas moi habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (entoación, repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Pronuncia e entoada de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración do interlocutor ou da interlocutora.

Actividades de comprensión de textos escritos.

Obxectivos.

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos sinxelos, en lingua estándar e relacionados con temas da súa experiencia.

Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.

Comprender o sentido xeral e identificar información relevante en textos xornalísticos breves e sinxelos, que describan feitos e acontecementos coñecidos, especialmente se contan con apoio visual.

Comprender textos instrutivos, argumentativos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

Competencias e contidos.

Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...); ás relacións persoais (relacións sociais, familiares, profesionais etc.); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, tabús, vestiario...).

Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos escritos:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento.

- Identificar o tipo de texto, adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.
- Deducir e formular hipóteses sobre o significado probable das palabras ou frases que descoñece, a partir do contexto.
- Comprobar hipóteses: axustar as claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar as palabras e estruturas novas aprendidas.

Competencia e contidos funcionais.

Recoñecemento das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación, iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, preguntar o significado dunha palabra ou expresión, reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.
 - Información xeral: describir persoas, obxectos e lugares; referirse a accións e situacións presentes e pasadas; expoñer proxectos e formular hipóteses.
 - Opinións e valoracións: valorar un feito; xustificar unha opinión ou unha actividade; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.
 - Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar estados de ánimo.
 - Petición de instrucións e suxestións: pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade.

Competencia e contidos discursivos

Comprensión de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua escrita:

- Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos escritos a que se enfrenta; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co/a interlocutor/a (tratamentos, xestos e actitudes).
- Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos básicos de puntuación; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

Competencia e contidos sintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas moi sinxelas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);

- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

Competencia e contidos léxicos.

Comprensión do léxico escrito básico e de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

. Competencia e contidos ortotipográficos.

Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos, e convencións ortográficas de uso máis común.

Criterios de avaliación.

- Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.
- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto.
- Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos básicos relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.
- Coñece os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo de texto.
- Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Obxectivos.

Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar feitos e experiencias, así como expoñer plans e presentar proxectos relacionados con temas cotiáns.

Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal e na cal se expresen sentimentos, opinións, reaccións e actitudes, ou se solicite ou ofrezga un servizo ou información, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos e organizar estes de acordo con textos modelo.

Competencias e contidos.

Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...); ás relacións persoais (relacións sociais, familiares, profesionais etc.); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, tabús, vestiario...).

Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos escritos:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Preparar ou planificar a estrutura básica do texto tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Ensañar o texto escrito (subliñar, empregar regras mnemotécnicas...).
- Adecuar de forma básica o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos (utilizar a linguaxe da que se sente moi seguro/a...).
- Probar novas expresións e, en xeral, ser capaz de adoptar certos riscos sen bloquear a comunicación.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua moi sinxelo, parafrasear, usar a lingua materna...) ou extralingüísticos (usar sons onomatopéicos...).
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua escrita:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación, iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, preguntar o significado dunha palabra ou expresión, reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.
- Información xeral: describir persoas, obxectos e lugares; referirse a accións e situacións presentes e pasadas; expoñer proxectos e formular hipóteses.

- Opinións e valoracións: valorar un feito; xustificar unha opinión ou unha actividade; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.
- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar estados de ánimo.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade.

Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua escrita á produción e coprodución do texto:

- Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos escritos que produce; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co/a interlocutor/a (tratamentos, xestos e actitudes).
- Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos básicos de puntuación; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

4.2.5. Competencia e contidos sintácticos.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa, e uso de estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

Competencia e contidos léxicos.

Coñecemento, selección e uso do léxico escrito básico e de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

Competencia e contidos ortotipográficos.

Selección, segundo a intención comunicativa, e uso dos patróns gráficos e convencións ortográficas fundamentais.

Criterios de avaliación.

- Aplica á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.
- Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos escritos moi breves e de estruturas

sinxelas e habituais, p. ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto.

– Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos máis básicos para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

– Utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.

– Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

– Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común na redacción de textos en papel ou soporte dixital.

Actividades de mediación.

Obxectivos.

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos (carteis, folletos, formularios, instrucións, correspondencia, etiquetas, anuncios, conversas, presentacións, noticias...), sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, coma mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

Mediar en situacións moi cotiáns, nas cales o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.

Resumir brevemente os puntos máis importantes e a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.

Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en exposicións moi breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa familiar e predicible e se lle poidan pedir aclaracións á persoa relatora.

Competencia e contidos interculturais.

Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.

Criterios de avaliación.

Coñece os aspectos básicos xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é capaz de

actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento. Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante.

Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe aos receptores e as receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información

3. Contidos xerais Nivel Básico.

Competencias xerais

Coa finalidade de realizar as tarefas e as actividades que se requiren para abordar as situacións comunicativas nas que participan, os alumnos utilizarán varias competencias desenvolvidas no curso da súa experiencia previa. Á súa vez, a participación en acontecementos comunicativos, incluída a aprendizaxe de linguas, dá como resultado un maior desenvolvemento destas competencias. Todas as competencias humanas contribúen dunha forma ou doutra á capacidade comunicativa do alumno e poden considerarse aspectos da competencia comunicativa. No entanto, pode resultar útil distinguir entre as competencias lingüísticas propiamente ditas e as competencias xerais, menos relacionadas coa lingua pero que xogan un papel esencial na eficacia da comunicación. Estas competencias serán desenvolvidas ao longo de todo o nivel básico.

Competencia sociocultural

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira é inseparable da aprendizaxe dunha serie de aspectos relacionados con todo o que chamamos “cultura”. Os contidos socioculturais non constituirán en ningún caso temas illados, senón que serán tratados nos contidos comunicativos previstos na programación. Neste sentido, no nivel básico abrangueráanse os aspectos xerais da vida cotiá nos seus diversos ámbitos segundo o previsto no MCER, as convencións sociais e as fórmulas de cortesía, as condicións de vida (a casa, o traballo, a sanidade...), os servizos públicos, as relacións persoais, os valores, crenzas e actitudes.

Competencias estratéxico-comunicativas

A competencia comunicativa pódese desglosar na competencia lingüística, a competencia sociolingüística e a competencia pragmática. Os contidos relativos a ditas competencias están recollidos nos decriptores de contidos de cada un dos cursos do nivel básico e apuntan todos eles a que o alumno se poda desenvolver e situacións básicas da vida cotiá, acadando un nivel mínimo de competencia en cada unha das destrezas.

3. 1. Contidos específicos do nivel Básico A1

A) Contidos léxico- semánticos

Identificación persoal: Nome, enderezo, teléfono, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión propia e dos achegados, familia directa, gustos e hábitos.

Vivenda, fogar e contorna: partes da casa e o mobiliario básico.

Actividades da vida diaria: iniciación no léxico relacionado coas actividades diarias na casa e no traballo.

Tempo libre e ocio: actividades de lecer (deportes, xogos, prensa, radio, televisión), actividades culturais (cine, teatro, museos, exposicións).

Viaxes e transportes: lugares de interese público, medios de transporte.

Relacións humanas e sociais: relacións con outras persoas (familiares, de amizade,...), invitacións sinxelas, formas de tratamento sinxelas, correspondencia persoal moi sinxela.

Educación: material e actividades da aula.

Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais principais (магазин, рынок,...)

Alimentación: alimentos, comidas do día, tipos de comida e bebida, establecementos (café, bares, restaurantes)

Lingua e comunicación: actividades de lingua (comprender, falar, repetir,...), metalinguaxe non especializada

(letra, son, frase,...)

Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estacións do ano, animais de compañía, iniciación no léxico relacionado co tempo atmosférico (хорошая / плохая погода, дождь,...)

Ciencia e tecnoloxía:

Medios técnicos de comunicación (teléfono, Internet,...)

B) Contidos funcionais

Usos sociais da lingua:

Saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, interesarse por persoas.

Control da comunicación:

Manifestar comprensión e incomprensión; pedir confirmación da comprensión ao interlocutor; solicitar axuda

ao interlocutor para facilitar a comprensión; preguntar o significado dunha palabra ou expresión; falar devagar, soletrear, repetir.

Información xeral:

Pedir e dar información sobre datos persoais (endereço, teléfono, idade); pedir e dar información sobre lugares; horarios, cantidades e actividades (iniciación); indicar posesión, indicar onde e cando ocorre algo; referirse a accións cotiás presentes; contar o ocorrido no pasado (iniciación); expresar a frecuencia e o hábito; describir cousas e imaxes.

Opinións e valoracións:

Expressar intereses, preferencias e gustos; afirmar e negar algo; mostrar acordo, satisfacción; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento, seguridade ou inseguridade; afirmar e negar algo.

C) Contidos morfosintácticos

Contidos gramaticais.

1. A oración simple.

1.1. Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición.

1.1.1. Oración declarativa.

1.1.1.1. Suxeito en posición inicial.

1.1.1.2. CC en posición inicial.

1.1.1.3. Oración negativa.

1.1.1.3.1. Posición da negación.

1.1.1.4. Oracións elípticas.

1.1.2. Oración interrogativa.

1.1.2.1. Interrogativa total.

1.1.2.2. Interrogativa parcial con elemento interrogativo e elíptica.

1.1.2.3. Interrogativa disxuntiva con или.

1.1.3. Oración exclamativa.

1.1.3.1. Oracións declarativas con marca exclamativa.

1.1.4. Oración imperativa.

- 1.1.4.1. (Neg. +) V en posición inicial.
- 1.2. Fenómenos de concordancia.
- 2. A oración composta.
- 2.1. Expresión de relacións lóxicas.
- 2.1.1. Conxunción: и.
- 2.1.2. Disxunción: или.
- 2.1.3. Oposición: а, но.
- 2.1.4. Causa: потому что.
- 2.1.5. Relacións temporais.
- 2.1.5.1. Simultaneidade no presente, no pasado e no futuro: когда.
- 3. O sintagma nominal.
- 3.1. Núcleo.
- 3.1.1. Substantivo.
- 3.1.1.1. Clases: comúns e propios; animados e inanimados.
- 3.1.1.2. Xénero: masculino, feminino, neutro; regra xeral e excepcións máis usuais.
- 3.1.1.3. Número: regra xeral, formas invariables e outros casos; excepcións máis usuais.
- 3.1.1.4. Caso: nominativo, xenitivo, dativo, acusativo, instrumental e prepositivo. Declinación dos substantivos en todos os casos do singular.
- 3.1.2. Pronomes.
- 3.1.2.1. Persoais en todos os casos.
- 3.1.2.2. Posesivos.
- 3.1.2.3. Demostrativo этот.
- 3.1.2.4. Interrogativos/exclamativos.
- 3.2. Modificación do núcleo.
- 3.2.1. Determinantes.
- 3.2.1.1. Posesivos: xénero, número e caso; declinación en todos os casos do singular.
- 3.2.1.2. Demostrativo этот: xénero, número e caso; declinación en todos os casos do singular.
- 3.2.1.3. Determinativos каждый, весь (con substantivos que denotan tempo).
- 3.2.1.4. Cuantificadores.
- 3.2.1.4.1. Numerais cardinais de 0 a 1000.
- 3.2.1.4.2. Numerais ordinais de 0 a 20.
- 3.3. Fenómenos de concordancia.
- 3.4. Funcións sintácticas do sintagma nominal: Sux., Atrib., CD, CI, CC e CNNC.
- 4. O sintagma adxectivo.
- 4.1. Núcleo: adxectivo.
- 4.1.1. Grao: positivo.
- 4.1.2. Xénero: masculino, feminino e neutro; flexión regular; forma longa.
- 4.1.3. Número: formación do plural; forma longa.
- 4.1.4. Caso: declinación en todos os casos do singular (desinencias dura, branda e mixta).
- 4.2. Modificación do núcleo mediante SAdv.
- 4.3. Posición dos elementos do sintagma: (SAdv. +) N.
- 4.4. Fenómenos de concordancia.
- 4.5. Funcións sintácticas: atrib. e sux.
- 5. O sintagma verbal.
- 5.1. Núcleo: verbo.
- 5.1.1. Clases e grupos: 1) читать - читаю; 2) уметь - умею; 3) рисовать - рисую; 4) встретить - встречу; 5) отдохнуть - отдохну; 6) вставать - встаю; 7) ждать - жду; 8) писать - пишут; 9) петь - поют; 10) мочь - могут; 11) идти - идут; 12) ехать - едут; 13) хотеть - хотят; 14) брать - берут; 15) жить - живут; 16) пить - пьют; 17) есть - едят.
- 5.1.2. Tempo.
- 5.1.2.1. Expresión do presente.

- 5.1.2.2. Expresión do pasado.
- 5.1.2.3. Expresión do futuro: futuro simple e futuro composto.
- 5.1.3. Aspecto.
 - 5.1.3.1. Aspecto imperfectivo: durativo, habitual, incoativo (начинать + inf. / SN) e terminativo (кончать + inf. / SN).
 - 5.1.3.2. Aspecto perfectivo: puntual, incoativo resultativo (начать + inf. / SN), terminativo resultativo (кончить + inf. / SN) e acción finalizada (сделать, прочитать).
- 5.1.4. Modalidade.
 - 5.1.4.1. Factualidade: verbos factuais e tempos verbais de presente, pasado e futuro.
 - 5.1.4.2. Necesidade: надо/нужно + inf.
 - 5.1.4.3. Obriga: должен + inf.; imperativo.
 - 5.1.4.4. Capacidade: мочь уметь + inf.
 - 5.1.4.5. Permiso: можно/ мочь+ inf.
 - 5.1.4.6. Intención: хотеть + inf.
 - 5.1.4.7. Posibilidade: можно + inf.
 - 5.1.4.8. Prohibición: imperativo negativo.
- 5.1.5. Voz activa.
- 5.2. Modificación do núcleo mediante preposición fixa e neg.
- 5.3. Posición dos elementos do sintagma: (neg. +) (neg.+) V.
- 5.4. Funcións sintácticas do sintagma verbal: V.
- 6. O sintagma adverbial.
 - 6.1. Núcleo: adverbio.
 - 6.1.1. Clases: modo, lugar, tempo, cantidade e grao. Os adverbios máis usuais, por ex.: хорошо, быстро, домой, далеко, теперь, давно, много, чуть-чуть.
 - 6.1.2. Grao: positivo.
 - 6.2. Modificación do núcleo mediante SAdv.
 - 6.3. Posición dos elementos do sintagma: (SAdv. +) N.
 - 6.4. Funcións sintácticas do sintagma adverbial: ___.
- 7. Sintagma preposicional.
 - 7.1. Núcleo.
 - 7.1.1. Preposicións locativas (в, на, у,...), temporais (в, до, через, после), comitativa (с), posesiva (у), preposición «о».
 - 7.2. Funcións sintácticas do sintagma: suxeito comitativo, CD, CC e atrib.

Contidos ortográficos.

- 1. Sistema de escritura: alfabeto ruso.
- 2. Representación gráfica de fonemas e sons.
 - 2.1. Correspondencias segundo a súa posición relativa.
- 3. Uso das maiúsculas.
- 4. Signos ortográficos.
- 5. Signos de puntuación.
- 6. Estrutura silábica. División de palabras no final da liña.

Contidos fonéticos.

- 1. Sons e fonemas vocálicos.
 - 1.1. Monotongos: anteriores, centrais, posteriores.
 - 1.2. Combinacións.
- 2. Sons e fonemas consonánticos.
 - 2.1. Clasificación: consonadores, soantes, semiconsoantes.

3. Procesos fonolóxicos.

3.1. Enxordecemento de consoantes sonoras en posición final absoluta.

3.2. Asimilacións.

3.3. Redución vocálica.

3.4. Alternancias vocálicas e consonánticas.

4. Acento dos elementos léxicos illados.

4.1. Sílabas tónicas e átonas.

4.2. Monosílabos inacentuados.

5. Acento e a tonicidade: patróns tonais no sintagma.

Tipoloxía de textos:

A) Textos orais

- Anuncios (instrucións e indicacións)
- Contactos sociais
- Conversas á cara
- Transaccións
- Presentacións

B) Textos escritos

- Fichas, formularios e cuestionarios
- Listaxes
- Horarios
- Catálogos, páxinas amarelas, guías e folletos
- Etiquetas
- Billetes e entradas
- Correspondencia persoal (cartas, tarxetas postais, correos electrónicos, fax, invitacións, felicitacións, tarxetas de visita...) Anuncios (instrucións e indicacións) Carteis, letreiros e sinais
- Menús
- Textos literarios moi sinxelos
- Manuais de instrucións
- Notas e mensaxes
- Dicionarios e thesaurus (dicionarios bilingües)

3.2. Contidos específicos do nivel do nivel Básico A2

Contidos específicos: A) Contidos léxico-semánticos

Identificación persoal: formación e experiencia laboral.

Descrición persoal: carácter, preferencias, aspecto físico.

Vivenda, fogar e contorna: Mobiliario. Electrodomésticos e aparellos electrónicos. A vivenda e a contorna. Aluguer. Servizos (auga, luz, calefacción...).

Tempo libre e ocio: Afeccións e intereses.

Viaxes e transportes: Transporte público (horarios, billetes,...)

Vacacións. Aloxamento. Equipaxe. Documentación. Lugares de interese turístico.

Relacións humanas e sociais:

Actos sociais: festas, reunións. Correspondencia formal (iniciación)

Saúde e cuidados físicos: Accidentes. Saúde e enfermidade. Partes do corpo.

Educación: Centros de ensino. Tipos de estudos.

Compras e actividades comerciais: Artigos para a casa. Moda e vestido.

Alimentación: Comida. preparación e sabores. Materiais e utensilios.

Bens e servizos: Bancos. Institucións. Servizos médicos. Servizos sociais.

Clima, condicións atmosféricas e ambiente: Previsións meteorolóxicas.

Paisaxe: campo, cidade.

Ciencia e tecnoloxía: Aparellos de uso cotián.

B) Contidos funcionais

Usos sociais da lingua: Felicitar, convidar, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación. Iniciar e concluir unha conversa telefónica.

Control da comunicación: Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.

Información xeral:

Pedir e dar información sobre lugares, horarios, prezos, cantidades e actividades.

Describir persoas, obxectos e lugares.

Referirse a accións e situacións presentes e pasadas. Expoñer proxectos e formular hipóteses.

Opinións e valoracións:

Valorar un feito.

Xustificar unha opinión ou unha actividade.

Preguntar ou expresar coñecemento ou descoñecemento.

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:

Expresar sensacións físicas e sentimentos. Expresar estados de ánimo.

Petición de instrucións e suxestións:

Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos.

Invitar e reaccionar adecuadamente.

Suxerir unha actividade.

C) Contidos morfosintácticos

Contidos gramaticais

A ORACIÓN SIMPLE

Oración declarativa.

CD e CI en posición inicial. (Эту библиотеку построили год назад. Сестре я купил книгу, а отцу – шарф.)

Verbo en posición inicial. (Курить – вредно.)

Fenómenos de concordancia.

A ORACIÓN COMPOSTA

Expresión de relacións lóxicas.

Resultado: поэтому. (Шёл дождь, поэтому мы не пошли в кино.)

Finalidade: чтобы. (Я пришёл, чтобы поговорить с тобой.)

Condición: если + Indicativo. (Если завтра не будет дождя, мы пойдём в лес.)

Relacións temporais.

Expresión das relacións temporais mediante formas verbais de aspecto imperfectivo e perfectivo.

O SINTAGMA NOMINAL Núcleo: Substantivo.

- Clases: contábeis e non contábeis; Pluralia tantum e Singularia tantum (брюки, ножницы, каникулы, мебель, ...).

- Caso: nominativo, xenitivo, dativo, acusativo, instrumental e prepositivo.

Declinación dos substantivos en todos os casos do plural.

Ampliación de coñecementos sobre o xénero e a formación do plural.

Pronomes.

- Posesivos: declinación en todos os casos do plural. Pronome свой.

- Demostrativos.
- Negativos. Iniciación. (Там никого нет. Я никого не знаю. ...)
- Reflexivo *себя*. Os usos máis frecuentes, por ex.: купить себе, чувствовать себя. Modificación do núcleo.

Cuantificadores.

- Numerais cardinais a partir de 1000. (Это пальто стоит 5 тысяч рублей.)
- Numerais ordinais a partir de 20. (Это было в 1989 году.)
- Outros cuantificadores: *мало, несколько...*

Aposición.

Modificación mediante SAdx., SPrep. e frase de relativo.

Os pronomes relativos который e где. (Это мой друг, с которым я познакомился в университете. Это городок, где мы часто отдыхаем.)

Posición dos elementos do sintagma: (Det. +) (SAdx. +) N (+ SPrep.) (+ frase de relativo). Fenómenos de concordancia.

O SINTAGMA ADXECTIVAL Núcleo: adxectivo.

- Caso: declinación en todos os casos do plural.
- Adxectivos en forma breve. Xénero e número. Función sintáctica. Os adxectivos breves máis frecuentes. (Я согласен с тобой. Завтра я буду свободен.)
- Grao: positivo, comparativo e superlativo.
- Comparativo simple. Iniciación. (Москва больше Петербурга. Это пальто дороже, чем то.)
- Superlativo composto con самый. (Москва – самый большой город России. Это самый старый университет Испании.)

Modificación do núcleo mediante SAdv. e SPrep. (не очень интересный, интересный для тебя)

- Posición dos elementos: (SAdv. +) N (+ SPrep.).

Fenómenos de concordancia.

O SINTAGMA VERBAL Núcleo: verbo.

Continuación co traballo do sistema de tempos. Revisión e ampliación de coñecementos do uso dos aspectos perfectivo e imperfectivo.

Modalidade.

- Necesidade: нужен/нужна/нужно/нужны + SN en nom.; (Мне нужен телефон Андрея.)
- Permiso: разрешить en imperativo + inf.
- Posibilidade: можно + inf.; может быть/могут быть + SN.
- Prohibición: нельзя/запрещается + inf.

Funcións sintácticas do sintagma verbal: V, Sux., CD, Atrib. e CC.

O SINTAGMA ADVERBIAL Núcleo: adverbio.

- Clases: modo, lugar, tempo, cantidade e grao, interrogación e exclamación, negación e afirmación, causa, finalidade, orde.
- Adverbios predicativos.
- Grao: positivo, comparativo e superlativo. Iniciación.

Modificación do núcleo mediante SAdv. e SPrep. (довольно хорошо, вредно для здоровья)

Posición dos elementos do sintagma: (SAdv. +) N (+ SPrep.)

Fenómenos de concordancia.

O SINTAGMA PREPOSICIONAL

- Preposicións locativas (из, с, от, около, напротив...), temporais (на, перед...), causais (из-за), finais (для).
- Que rixen xenitivo: из, с, от (из дома, с работы, от врача), около, у, напротив (у окна, около театра, напротив школы), без (без сахара), для (для тебя), от ... до (от Москвы до Киева) e outras.
- Que rixen dativo: к (к врачу, к подруге), по (по субботам).

- Que rixen acusativo: за (за границу, за дом), под (под стол)
- Que rixen instrumental: за, перед (за мной, перед домом, идти за сыром, перед Новым годом), между, над, под.

Locucións prepositivas: далеко от + xen., во время + xen.

Modificación do núcleo mediante SAdv.

Posición dos elementos do sintagma: (SAdv. +) prep. + Termo.

Contidos ortográficos

Ortografía das palabras estranxeiras segundo a súa orixe.

Contidos fonéticos e ortotipográficos

Patróns tonais no sintagma.

Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes.

Tipoloxía de textos:

A) Textos orais

- Mensaxes
- Anuncios (instrucións e indicacións)
- Avisos
- Horarios
- Entrevistas
- Transaccións e xestións
- Menús
- Partes meteorolóxicos
- Partes informativos
- Exposición e presentación pública
- Conversas á cara
- Conversas telefónicas e mensaxes gravadas
- Contos, historias e anécdotas
- Presentacións

B) Textos escritos

- Fichas, formularios, cuestionarios e enquisas
- Listaxes
- Horarios
- Catálogos, páxinas amarelas, guías e folletos
- Etiquetas de produtos e embalaxes
- Billetes e entradas
- Correspondencia persoal (cartas, tarxetas postais, correos electrónicos, fax, invitacións, felicitacións, tarxetas de visita...)
- Correspondencia formal
- Anuncios (instrucións e indicacións)
- Carteis, letreiros e sinais
- Notas e mensaxes
- Menús
- Textos xornalísticos (noticias, ofertas de traballo...);
- Textos literarios sinxelos
- Currículos

- Manuais de instrucións
- Notas e mensaxes
- Axendas e diarios
- Tiras cómicas
- Folletos
- Receitas de cociña
- Horóscopos
- Programacións de radio e televisión
- Carteleiras de espectáculos

4. Secuenciación e temporalización

4.1. Secuenciación e temporalización por cuadrimestres de Básico A1

O curso constará, aproximadamente, de 130 horas repartidas e estará dividido en dous cuadrimestres. O primeiro cuadrimestre comprenderá os meses de outubro a xaneiro e o segundo, os meses de febreiro a maio. O libro de texto que se utilizará será “Ruso para hispanohablantes. Nivel 1”. Se distribuirá do seguinte xeito, sempre suxeito a variacións segundo a dinámica de organización da clase:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE: UNIDADES 1, 2, 3 ,4, 5, 6 de “Ruso para hispanohablantes. Nivel 1.”

SEGUNDO CUADRIMESTRE: UNIDADES 7, 8, 9, 10, 11, 12 de “Ruso para hispanohablantes. Nivel 1”

Este manual comprende a maior parte dos contidos establecidos polo decreto 191/2007 do 20 de setembro (DOG do 9 de outubro) para o nivel Básico 1.

4. 2. Secuenciación e temporalización por cuadrimestres de Básico A2

O curso constará, aproximadamente, de 130 horas repartidas e estará dividido en dous cuadrimestres. O primeiro cuadrimestre comprenderá os meses de outubro a xaneiro e o segundo, os meses de febreiro a maio. O libro de texto que se utilizará será “Ruso para hispanohablantes Nivel 2”. Se distribuirá do seguinte xeito, sempre suxeito a variacións segundo a dinámica de organización da clase:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE: UNIDADES 1, 2, 3 ,4, 5 de “Ruso para hispanohablantes. Nivel 2”

SEGUNDO CUADRIMESTRE: UNIDADES 6, 7, 8, 9, 10 de “Ruso para hispanohablantes. Nivel 2”

Este manual comprende a maior parte dos contidos establecidos polo decreto 191/2007 do 20 de setembro (DOG do 9 de outubro) para o nivel Básico 2.

5. AVALIACIÓN. CRITERIOS

5.1 Natureza e tipos de avaliación

A avaliación é unha actividade necesaria dentro do proceso de ensino-aprendizaxe. A súa finalidade é obter información sobre os coñecementos e habilidades do alumnado a través duns procesos que nos permiten determinar o nivel de logro dos obxectivos educativos propostos.

O alumnado será avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias comunicativas e os criterios de avaliación establecidos no currículo e na presente programación.

A avaliación é unha actividade continua durante o curso, aplicándose distintos **tipos de avaliación:**

Avaliación diagnóstica: Este tipo de avaliación determina o nivel de competencia do alumnado con respecto ao nivel previsto ao comezo do curso e o de cada alumno con respecto ao seu grupo.

Realízase nas dúas primeiras semanas do curso escolar. Analizando os resultados obtidos, o profesorado acadará unha información precisa dos puntos fortes e débiles do grupo e das persoas que o forman. Iso lle permitirá planificar e organizar o traballo de forma que poida dar unha mellor resposta ás necesidades de cada alumno e tamén servirá para o alumnado como unha primeira autoavaliación para tomar conciencia do nivel dos seus coñecementos e das necesidades da súa aprendizaxe.

Avaliación formativa: É a que se centra na identificación das áreas nas que os alumnos teñen dificultades e o seu progreso ao longo de todo o curso escolar, permitindo facer os cambios necesarios, reforzar un aspecto ou consolidar o aprendido. Esta avaliación levarase a cabo mediante observación da participación do alumnado na aula presencial e na aula virtual, a entrega por parte do alumnado de exercicios escritos e as redaccións para a súa corrección, avaliación de exercicios orais, probas de revisión de coñecementos adquiridos (estas probas realizaranse normalmente a metade de curso, avaliando todas as actividades de lingua). O profesorado deberá informar o alumnado sobre o seu progreso e favorecer activamente a adopción das estratexias máis axeitadas para acadar os obxectivos educativos.

A autoavaliación: No proceso de ensino-aprendizaxe non só é necesaria a avaliación do profesor, senón que tamén se debe animar ao alumnado á autoavaliación, é dicir, a avaliar o seu propio proceso de aprendizaxe, reflexionando sobre os logros conseguidos e o seu grao de participación nese proceso, o que conducirá ao alumno a aumentar a autoestima e a súa capacidade de autonomía e responsabilidade no seu propio proceso de aprendizaxe.

Fomentarase a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber se acada os obxectivos marcados ou se precisa facer algúns cambios na programación para acadar ditos obxectivos. O profesorado motivará ao alumnado a realizar distintas actividades de autoavaliación e lle facilitará as ferramentas necesarias.

Avaliación final: É a que permite avaliar os coñecementos do alumno ao finalizar o proceso de aprendizaxe de acordo cos obxectivos e os criterios de avaliación dese nivel.

No nivel Básico aplícanse dúas modalidades da avaliación final: proba final de promoción, para o alumnado de A1, e proba de certificación, para o alumnado de A2.

5.2. Procedementos e instrumentos de avaliación para o nivel A1

O curso Básico A1 é un curso de promoción, no que se realizará, con carácter xeral a finais de maio, ***unha proba final de promoción.***

O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalía nesta proba estableceranse en referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos no currículo.

Esta proba será a mesma para todo o alumnado de A1 e será elaborada, administrada e corrixida polo profesorado do departamento de ruso, segundo as especificacións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Esta proba constará de catro partes que corresponden ás catro actividades da lingua: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación de textos orais; comprensión de textos escritos; produción, coprodución e mediación de textos escritos.

Criterios de cualificación e promoción

A proba final de promoción terá un valor de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será **positiva** cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua, sendo a suma total 60 puntos.

Avaliación porcentual : Poderase obter ata un 10% da puntuación final por valoración positiva do rendemento e participación do alumno/a na aula ao longo de todo o curso. O profesor/a valorará o avance do alumno/a en función dos seguintes criterios:

- *Traballo na aula (ata un 5%)*: asistencia regular a clase, participación activa nas actividades propostas durante as clases presencias, actividades en grupo/en parella, tests, etc.
- *Traballo na casa (ata un 5%)*: entrega regular dos exercicios propostos polo profesor/a, coma redaccións u outros traballos, tarefas da aula virtual, etc.

Haberá unha convocatoria extraordinaria na segunda quincena de xuño. Os alumnos que non superen algunha das partes na convocatoria ordinaria poderán presentarse na convocatoria extraordinaria só as partes suspensas.

A cualificación outorgada ao alumnado será de **apto**, **non apto** ou, **non presentado**, segundo corresponda. A cualificación de *apto* na proba final de promoción permite o acceso ao curso seguinte (A2).

5.2.1 Criterios de avaliación para o nivel A1

A) Comprensión Oral

- É capaz de comprender fórmulas básicas de contacto social, como saúdos, despedidas, desculpas e agradecementos, identificando a intención de comunicación e a relación de formalidade entre os interlocutores.

- É capaz de comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.

- É capaz de comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves, sempre que poidan ser repetidas.

- É capaz de comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que conteñan conversas, narracións e/ou descricións emitidas mediante estruturas e léxico moi básico, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.

- É capaz de utilizar estratexias de comprensión para superar as limitacións que se encontren na comprensión da mensaxe, mediante claves identificadas no contexto lingüístico e non lingüístico.

- É capaz de comprender transaccións moi básicas de bens e servizos, e relativas ao traballo, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos (teléfono, televisión, radio, etc.,), e articuladas a modo, utilizando frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.

B) Producción, coproducción e mediación oral

- É capaz de establecer contactos sociais moi básicos de xeito intelixible sempre que o interlocutor colabore utilizando un discurso claro e lento e que repita o que non se comprende.
- É capaz de intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo e sobre outras persoas usando un repertorio básico de palabras e frases illadas, e facéndose comprender aínda que o interlocutor necesite repeticións e aclaracións.
- É capaz de formular invitacións e realizar propostas moi sinxelas, reaccionando adecuadamente a elas, se se lle fala a xeito e con claridade, e usando estruturas lingüísticas sinxelas dentro dun repertorio aprendido.
- É capaz de comprender e dar instrucións e indicacións moi breves e sinxelas se se formulan a modo e articuladas claramente, e reaccionar adecuadamente ante elas aínda que sexan necesarias repeticións e aclaracións e se teña que recorrer ao uso de estratexias paralingüísticas.
- É capaz de comunicarse en conversas sinxelas que requiran o intercambio de experiencias persoais e de actividades cotiás e de necesidade inmediata mediante frases memorizadas, breves e illadas, facéndose comprender aínda que se fagan pausas para buscar as expresións e as palabras menos habituais, sendo capaz de utilizar as estratexias que lle permitan garantir a comunicación.
- É capaz de expresar brevemente e de xeito comprensible sentimentos e sensacións físicas frecuentes empregando un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas, e podendo axudarse de accións non lingüísticas discretas e axeitadas.
- É capaz de seguir unha breve exposición sinxela sobre un tema cotián, articulada de forma lenta e clara, entendendo o suficiente para poder pedir aclaracións e repeticións que aseguren a comprensión das ideas principais.
- É capaz de utilizar estratexias de comunicación e de comprensión para asegurar o éxito da interacción.
- É capaz de mediar entre falantes en situacións de carácter habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

C) Comprensión de lectura

- É capaz de comprender a información esencial, e os puntos principais ou detalles relevantes en textos breves, de estrutura sinxela, que conteñan información persoal básica propia e doutras persoas.

- É capaz de comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.
- É capaz de comprender información relevante e previsíbel en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, se é o caso, en parágrafos curtos relacionados con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.
- É capaz de comprender a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en papel ou soporte dixital.
- É capaz de comprender textos escritos sinxelos superando as dificultades lingüísticas mediante a extrapolación de significados utilizando estratexias lingüísticas e non lingüísticas.

D) Producción, coproducción e mediación escrita

- É capaz de completar textos escritos en papel ou soporte dixital nos que se solicita información básica sobre a identificación persoal.
- É capaz de escribir notas e mensaxes moi breves e sinxelas relativas a necesidades inmediatas.
- É capaz de escribir textos con información, instrucións e indicacións moi básicas e breves relacionadas con actividades cotiás ou de inmediata necesidade.
- É capaz de escribir, a partir dun modelo, correspondencia persoal moi breve e sinxela sobre temas da vida cotiá ou de inmediata necesidade.
- É capaz de utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes seguindo textos modelo.
- É capaz de mediar entre falantes en situacións de carácter habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiás ou con información persoal básica

5.2.2. Criterios de avaliación mínimos esixibles para o nivel Básico A1

Comprensión oral

- É capaz de comprender fórmulas básicas de contacto social así como as principais ideas dunha conversa sobre temas de necesidade inmediata, aínda que a comprensión non sexa total.
- É capaz de captar a información esencial de pasaxes curtas gravadas que conteñan conversas, narracións e/ou descrições emitidas mediante estruturas e léxico moi básico, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata.

Producción, coproducción e mediación oral

- É capaz de establecer contactos sociais moi básicos así como invitacións e propostas moi sinxelas, sempre que o interlocutor colabore utilizando un discurso claro e lento e que repita o que non se comprende.
- É capaz de comunicar as experiencias persoais e as actividades cotiás máis sinxelas e de necesidade inmediata mediante frases memorizadas.

Comprensión de lectura

- É capaz de comprender os puntos principais ou a información relevante en textos breves, de estrutura sinxela, que conteñan información básica propia e doutras persoas, referida a necesidades inmediatas.
- É capaz de comprender a información relevante de mensaxes curtas, textos narrativos e correspondencia persoal.

Producción, coproducción e mediación escrita

- É capaz de escribir textos como notas, mensaxes curtas, instrucións e indicacións básicas, relacionados coa información persoal e as necesidades inmediatas.
- É capaz de escribir correspondencia persoal a partir dun modelo.

5.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para o nivel A2.

O curso Básico A2 é un curso de certificación, no que se realizarán as seguintes probas:

Proba de avaliación inicial:

É destinada ao alumnado presencial. Realizarase nas dúas primeiras semanas do curso e constará dunha serie de exercicios e/ou actividades para determinar o nivel do alumnado ao comezo do curso.

Proba terminal de certificación:

Para obter o certificado de nivel A2 é necesaria a superación da proba terminal específica de certificación. Destinada a todas as modalidades e réximes de ensino, se realizará con carácter xeral no mes de xuño en convocatoria ordinaria e en convocatoria extraordinaria. As datas das probas serán establecidas pola EOI.

O alumnado da modalidade presencial terá dereito ás dúas convocatorias.

O alumnado libre só terá dereito a unha convocatoria e as súas datas as decidirá a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalía nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos no currículo.

Esta proba será elaborada, administrada e corrixida polo profesorado do departamento de ruso, conforme ás especificacións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A proba constará de catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación de textos orais; comprensión de textos escritos; produción, coprodución e mediación de textos escritos.

Criteria de cualificación

A puntuación total máxima da proba final de certificación de A2 será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua, sendo a suma total 60 puntos.

ACTIVIDAD DE LINGUA	PUNTUACIÓN	MÍNIMO ESIXIDO (60%)
COMPRESIÓN DE LECTURA	25 puntos	15 puntos
COMPRESIÓN ORAL	25 puntos	15 puntos
PRODUCCIÓN , COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ESCRITA	25 puntos	15 puntos
PRODUCCIÓN , COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ORAL	25 puntos	15 puntos

A cualificación outorgada ao alumnado será de **apto**, **non apto** ou, **non presentado**, segundo corresponda.

Os alumnos que non superen algunha das partes na convocatoria ordinaria poderán presentarse na convocatoria extraordinaria só as partes suspensas.

A cualificación de *apto* na proba final de certificación permite a obtención do certificado do nivel A2 e o acceso ao curso seguinte (B1.1).

De non obter a cualificación de *apto* en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

O alumnado que non obteña a cualificación de *apto* poderá solicitar unha certificación académica de ter alcanzado o dominio requirido nalgunha das destrezas que as probas avalíen.

2.5.3 Criterios de avaliación Básico A2

Ao final do Básico A2, os alumnos deberán demostrar, nas condicións que determine a Administración, que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe de seguido:

A) Comprensión Oral

- É capaz de comprender a idea principal e o obxectivo comunicativo en interaccións orais relativas a accións, acontecementos e necesidades da vida cotiá, e nas que se articule lenta e claramente. É capaz de identificar cambios de tema recoñecendo fórmulas e procedementos lingüísticos utilizados habitualmente para ese fin.
- É capaz de comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números, e comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves relativas a necesidades cotiás sinxelas.
- É capaz de utilizar un repertorio de fórmulas básicas adecuadas para o desenvolvemento dunha conversa telefónica, e a capacidade de reaccionar adecuadamente ante elas.
- É capaz de comprender detalles concretos e relevantes (horas, números, letras, accesos básicos dos lugares públicos...) para o obxectivo comunicativo, relativos a accións, acontecementos e necesidades da vida cotiá.

- É capaz de comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais que contén experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias, a relevancia para a situación actual do falante e os sentimentos que suscitan.

- É capaz de identificar as palabras clave e ideas principais dunha exposición pública breve sobre un tema habitual previamente coñecido, utilizando os coñecementos previos sobre os recursos lingüísticos máis frecuentes que poidan aparecer, e deducindo o vocabulario relacionado co tema e o contido posible do exposto.

- É capaz de comprender textos audiovisuais informativos, sinxelos e breves (radio, televisión, publicidade, etc.), apoiándose para a comprensión nos elementos lingüísticos e paralingüísticos como son as imaxes, o coñecemento do lugar e do tema, o repertorio léxico previsible, sempre que sexa emitido con claridade, lentamente e en lingua estándar.

B) Producción, coproducción e mediación oral

- É capaz de expresarse nun rexistro estándar en situacións habituais de social, usando adecuadamente os saúdos, despedidas, tratamentos e convencións para as quendas de palabra.

- É capaz de aceptar ou declinar unha invitación, dar a benvida, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas ou reaccionar ante elas, e mostrar empatía, se é o caso, co interlocutor.

- É capaz de desenvolverse de xeito intelixible en intercambios sinxelos habituais sen moito esforzo, utilizando as fórmulas de inicio e peche adecuadas ao rexistro familiar ou neutro derivado do contexto.

- É capaz de comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo relativas ao ámbito laboral (datos persoais, formación, gustos, intereses) e para obter bens e servizos en situacións de comunicación relativas a actividades da vida diaria (traballo, compras e actividades comerciais, transportes), tempo libre e lecer, alimentación e saúde e outros temas do seu interese, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender.

- É capaz de manter un monólogo contando unha historia cun grao suficiente de coherencia e cohesión: utilizando os conectores lineais e de secuencia máis frecuentes e os recursos lingüísticos básicos, como anáfora, catáfora e proformas gramaticais. É capaz de utilizar un vocabulario básico relacionado co tema da narración ou da descrición, así como o uso adecuado das locucións prepositivas e do tempo da narración, de xeito que a secuencia temporal dos acontecementos poida ser seguida polo interlocutor.

- É capaz de producir un texto expositivo previamente ensaiado e de contido predicible para o oínte, cunha pronuncia suficientemente clara e comprensible, aínda que o interlocutor teña que solicitar repeticións de vez en cando para asegurarse de ter recibido a mensaxe. É capaz, igualmente, de responder ás preguntas dos interlocutores e de solicitar, cando cumpra, repeticións e aclaracións.

- É capaz de participar nun intercambio simple e directo de información sobre actividades e asuntos cotiáns, expresando a opinión, o desexo, o gusto, o descoñecemento, formulando hipóteses, rectificando ou confirmando. É capaz de utilizar proposicións textuais introducidas por conectores simples de oposición (pero, non obstante, porén...), de adición (e, ademais, incluso...), de reformulación (é dicir, ou sexa..), de causa, de consecuencia e de peche do discurso (por último, para resumir...).
- É capaz de describir unha intención ou un proxecto, e de facer suposicións, se é o caso, propoñer actividades, avaliar alternativas, exemplificar e recapitular, usando expresións habituais, conectores de transición (por outro lado, por outra parte) ou temporais, cunha pronuncia intelixible para un locutor ben predisposto aínda que poidan producirse nalgún momento malentendidos e interrupcións.
- É capaz de expresarse nun rexistro estándar en situacións nas cales deban mostrar sentimentos que se acorden ou non coas persoas implicadas na interacción, utilizando os marcadores lingüísticos de relacións sociais básicos, as normas de cortesía, fórmulas fixas e habituais de rexistro neutro para lograr a adecuación sociolingüística á situación de comunicación.
- É capaz, en todas as tarefas de interacción oral, de mobilizar recursos lingüísticos como a utilización de expresións memorizadas fixas, para pedir que lle falen a un máis amodo, que lle repitan o que lle dixeron ou que lle soletreen unha palabra que non se entendeu.
- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais (carteis, folletos, formularios, instrucións, correspondencia, etiquetas, anuncios, conversas, presentacións, noticias...), sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.
- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, coma mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.
- Mediar en situacións moi cotiáns, nas cales o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.
- Resumir brevemente os puntos máis importantes e a información máis relevante de textos orais moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.
- Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en exposicións moi breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa familiar e predicible e se lle poidan pedir aclaracións á persoa relatora.

C) Comprensión de lectura

- É capaz de seguir instrucións básicas, por exemplo, comprar ou reservar un billete pola internet, comprender informacións que lle permitan elixir un menú nun restaurante, seguir unha prescrición médica, unha receita de cociña, matricularse nun centro de estudos, etc.
- É capaz de localizar información específica básica. Por exemplo, nunha entrevista: información sobre o carácter da persoa, o aspecto físico, os gustos, datos sobre a vivenda; nunha noticia breve ou suceso: o lugar e as persoas implicadas; nunha narración, as liñas xerais do argumento, os personaxes que as levan a cabo, o tempo ou o espazo onde se desenvolven.
- É capaz de identificar as formas lingüísticas que vehiculan a intención de comunicación do remitente, comprender expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e poder reaccionar de xeito adecuado.
- É capaz de redactar cartas formais respectando a estrutura (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo ao destinatario, corpo da carta, despedida e sinatura), así como é capaz de comprender un repertorio básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc.
- É capaz, en todas as tarefas de comprensión de lectura, de identificar palabras e ideas clave subministradas tanto polo texto como polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado global a partir do contexto lingüístico e paralingüístico, e dos coñecementos que se poidan ter doutras linguas e das características do medio no que aparece impresa a información (revistas, carteis, xornais, folletos, internet, etc.).

D) Producción, coproducción e mediación escrita

- É capaz de ofrecer información elemental sobre a actividade profesional (redactar un CV esquemático, cubrir enquisas e cuestionarios breves), os estudos, os hábitos (condicións de vida, horarios e actividades diarias) e os seus intereses (deportes, música...), dun xeito breve e sinxelo, usando estruturas básicas e aprendidas e utilizando un repertorio léxico moi básico e limitado, pero propio do tema.
- É capaz de facer descricións elementais sobre lugares (os establecementos, a posición dos elementos no espazo...), obxectos (forma, tamaño, impresión que producen...) e persoas (aspecto físico, a roupa, o carácter...), utilizando un repertorio lingüístico sinxelo pero amplo.
- É capaz de redactar textos sinxelos e breves sobre acontecementos, actividades, plans e proxectos relativos a asuntos cotiáns ou de interese persoal, usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir.
- É capaz de escribir notas e cartas persoais moi sinxelas nas que se expresen ideas básicas sobre temas persoais (os estudos, a familia, unha viaxe...) ou de interese persoal (música, películas...). Verifícase, igualmente, o coñecemento da estrutura das cartas persoais (cabeceira, saúdo, corpo da carta, despedida e sinatura). É tamén capaz de utilizar expresións fixas básicas propias da función comunicativa da carta: agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.

- Transmitirlle a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos escritos (carteis, folletos, formularios, instrucións, correspondencia, etiquetas, anuncios, conversas, presentacións, noticias...), sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.
- Transmitirlle a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, coma mapas meteorolóxicos, aínda que haxa repeticións e erros morfosintácticos..
- Mediar en situacións moi cotiáns, nas cales o discurso se articule con claridade, comprendendo, aínda que sexa preciso pedir reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e opinión sobre algunhas ideas concretas.
- Resumir brevemente os puntos máis importantes e a información máis relevante de textos escritos moi sinxelos e breves, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de imaxes doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.
- Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en exposicións moi breves e claramente estruturadas.

2.5.3.1 Criterios de avaliación mínimos esixibles para o nivel Básico A2

Comprensión oral

- É capaz de comprender as principais ideas dun texto audio relacionado cos temas previstos na programación e axeitados ao nivel aínda que a comprensión non sexa total.
- É capaz de captar as ideas principais de textos audiovisuais e outro material gravado sinxelo, articulado nun nivel lingüístico estándar e cunha reducida velocidade

Producción, coproducción e mediación oral

- É capaz de iniciar, manter e terminar breves e sinxelas conversas sobre temas tratados ao longo do curso aínda que se cometan erros.
- É capaz realizar descrições físicas di si mesmo, das persoas do seu entorno e desenvolverse nas transaccións máis comúns da vida cotiá articulando frases curtas aínda que teña que pedir que se lle repita ou solicitar a colaboración do interlocutor.

Comprensión de lectura

- É capaz de comprender información relevante en material escrito de uso cotián, como poden ser anuncios por palabras, postales, textos publicitarios, instrucións sinxelas, etc...

Producción, coproducción e mediación escrita

- É capaz de redactar notas, mensaxes, correspondencia sinxela (postais, correo electrónico...), pequenos textos descritivos ou prescritivos (por exemplo receitas de cociña), cunha complexidade estrutural axeitada ao nivel, cunha corrección ortográfica e coa coherencia mínima para que sexa comprensible para o lector.

METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada polo profesorado ten como referente un modelo de ensinanza comunicativo e orientado á acción, cunha base fundamentalmente práctica, é dicir, a súa finalidade é o uso do idioma. Este modelo de ensino parte dunha idea do alumno como usuario da lingua en situacións da vida real e céntrase por tanto na realización das tarefas que levamos a cabo na vida diaria (escribir unha mensaxe, un email, pedir información no ámbito da vida persoal ou pública, mercar artigos de primeira necesidade, propor unha actividade, xustificar as nosas opinións, etc.)

Por tarefa, entendemos calquera iniciativa para a aprendizaxe que implique a realización na aula de actividades de uso da lingua representativas das que se poden levar a cabo fóra dela.

As tarefas estarán estruturadas pedagoxicamente, fomentarán a intervención activa e ás achegas persoais dos alumnos.

Estas tarefas deseñaranse tomando como base os obxectivos definidos no currículo e nesta programación, tendo en conta as necesidades dos alumnos e os seus intereses .

Os contidos que figuran no currículo introduciranse en función das necesidades do proceso de aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. A progresión gramatical é, consecuentemente, gradual e concéntrica, e a súa presentación farase no marco das correspondentes tarefas e de forma integrada coas necesidades lingüísticas para levar a cabo a tarefa, a acción.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é un dos eixos básicos do noso sistema educativo e debemos impulsar calquera tipo de medidas educativas que pretendan conseguir o éxito educativo de todo o noso alumnado. Cando falamos da diversidade no espazo educativo, hai que ter en conta a gran complexidade deste concepto.

A forma de atender a diversidade do alumnado nas Escolas Oficiais de Idiomas é moi particular, xa que o ensino nas Escolas Oficiais de Idiomas non é obrigatorio, por tanto o tema da Atención á Diversidade debe ser tratado desde un punto de vista diferente.

O alumnado das EEOII caracterízase por ser moi diverso en varios aspectos: idade, formación académica, formación en linguas, profesión, intereses, capacidades... Por tanto, primeiro teriamos que sinalar diferentes diversidades que se dan necesariamente nas nosas aulas.

Diversidade cultural: Non todo o alumnado posúe a mesma bagaxe intelectual e afectiva para aproveitar por igual un proceso de aprendizaxe idéntico. No caso das EOI, damos clase a adolescentes da ESO e a adultos de idades moi distintas, habendo a miúdo xubilados, que comparten un proceso educativo común, así como obxectivos de aprendizaxe idénticos, aínda que as súas motivacións, estilos e ritmos de aprendizaxe sexan diferentes. Non obstante, esta disparidade xeracional favorece a interacción que a súa vez enriquece o proceso de aprendizaxe.

Diversidade de motivacións: As motivacións das persoas matriculadas en ruso son moi diversas, pero podemos resumilas en dúas categorías:

Motivacións persoais: Estudar ruso polo pracer de viaxar, por ter amigos/ as rusofalantes, por lecer, ou por interese pola cultura rusa en xeral ou por unha manifestación cultural concreta (cinema, literatura, música ou historia rusas). Tamén nos últimos anos constatouse a aparición de adolescentes e persoas mozas que se matriculan en ruso polas súas raíces.

Motivacións profesionais: Aprender ruso esperando conseguir mellores condicións de traballo ou unha mellor proxección profesional.

Ante esta diversidade de motivacións, hai que preparar contidos bastante flexibles e actividades moi diversas. Debemos observar e intentar comprender as motivacións do noso alumnado, o que nos axudará a realizar as adaptacións adecuadas.

Diversidade de capacidades: A diversidade de capacidades é algo evidente dentro dun mesmo grupo de alumnos e pode ser determinada por razóns culturais ou por razóns intelectuais, psicolóxicas e físicas. Dentro do grupo dos alumnos que presentan diversidade de capacidades hai que traer tamén a colación aos alumnos con necesidades especiais: algunhas dificultades físicas, cognitivas ou sensoriais poden requirir unha adaptación do proceso de ensino e de avaliación. Estas actuacións serán tratadas a través das pautas establecidas na Escola de Idiomas de A Coruña segundo a normativa vixente.

As formas de responder a diferentes necesidades son moi diversas e existen moitas estratexias que poden desenvolverse tanto na aula como fóra dela:

- Atención individualizada que nos permita descubrir e comprender as particularidades de cada alumno, e elaborar as pautas máis adecuadas para tratar esa diferenza: facilitarlle ferramentas adecuadas para a autoaprendizaxe e recomendar actividades complementarias específicas que permitan ao alumno traballar os seus puntos débiles e as áreas nas que ten máis dificultades.

- Diferentes actividades e variedade de materiais e recursos para a autoaprendizaxe, para que o alumno poida levar o seu propio ritmo e, se o desexa, poida profundar nos temas e os aspectos que sexan do seu interese.

- Maior dedicación de tempo e realización de exercicios de reforzo respecto a os contidos de maior dificultade para o alumno.

- Creación de grupos de traballo nos que o grao de dominio dos alumnos unhas veces sexa similar, permitíndolles avanzar máis rapidamente, e outras veces sexa distinto, para que os alumnos máis “avantaxados” poidan axudar aos seus compañeiros.

- Realización de controis periódicos para medir o grao de asimilación dos contidos e poder identificar os aspectos deficitarios.

- O desenvolvemento das actividades dentro da aula será flexible permitindo a súa adaptación constante ás necesidades dos alumnos.

- O repaso periódico dos contidos impartidos que permita observar o avance da aprendizaxe e pescudar se este avance foi uniforme en todo o grupo.

- Adaptacións curriculares con cambios na secuenciación dos contidos.

E por último, para facer fronte ás necesidades relacionadas coa diversidade hai que crear un clima de xenerosidade, de respecto e de confianza entre os integrantes da aula e promover unha pedagogía baseada nas riquezas de cada individuo, na premisa de que “cada persoa é un mundo” que nos enriquece, o que en definitiva é susceptible de coadxuvar a resolución dos problemas xurdidos debido á diversidade dos alumnos.

Medidas de apoio específico para o alumnado con necesidades educativas especiais

A pesar de que algunhas das estratexias citadas arriba poden ser válidas tamén para os estudantes con algunha discapacidade parece claro que a súa situación presenta problemas adicionais.

No caso de atoparnos cun alumno con necesidades especiais (dificultades de mobilidade, dificultades visuais, problemas psíquicos, auditivos, etc.) teremos que levar a cabo accións que permitan resolver ou en todo caso mitigar as dificultades deste(s) alumno(s) preparando materiais adecuados, adaptando as aulas e o espazo do centro, etc.

No que atinxe aos **contidos curriculares** poderanse planificar actividades e materiais didácticos diferenciados, graduar a dificultade das actividades na aula (poderase ampliar, profundar ou reforzar algún contido), procuraranse recursos diferentes, faranse agrupacións distintas e planifícaranse os reforzos.

En canto á **metodoloxía** usada hai que destacar a planificación das estratexias máis acertadas en cada caso (buscando, se fai falta, o asesoramento dun especialista), pois polo menos pódense dar catro situacións:

- o Alumnado que pode realizar actividades pouco complexas.
- o Alumnado que pode realizar actividades máis complexas.
- o Alumnado que avanza con diferentes ritmos.
- o Alumnado con dificultades obxectivas de aprendizaxe.

Cómpre considerar a posibilidade de realizar repeticións, exercicios de apoio, redución de tarefas, algunhas adaptacións e orientación. Así mesmo, terase en conta a organización do espazo e do tempo na aula e a procura de estratexias de aprendizaxe cooperativa.

Avaliación. É necesario avaliar conforme ás diferentes capacidades do alumnado; valorar a eficacia das medidas adoptadas e a idoneidade dos recursos empregados. Tamén se debe avaliar o grao de satisfacción acadado, tanto polo profesorado como polo alumnado. No caso de que estes alumnos necesiten algún tipo de adaptación nas probas (tempo extra, mesa, auriculares, ordenador, ampliación examen, etc), deberán informar canto antes ao profesor e ao equipo directivo, para avaliar o seu caso e tomar as medidas adecuadas ao seu caso, segundo consta na documentación da matrícula.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Humanos: O cadro do persoal do departamento de ruso.

Físicos: Os departamentos, as aulas, a sala de vídeo, os laboratorios e a aula de autoaprendizaxe. Ademais, a escola ten unha biblioteca onde o alumnado de ruso pode facer uso de material variado (dicionarios, manuais, gramáticas, lectura...)

Materiais:

Material bibliográfico obrigatorio do curso 2023-2024:

- Básico A1: Ruso para hispanohablantes. Nivel 1; Herder
- Básico A2: Ruso para hispanohablantes. Nivel 2; Herder

Por sorte, temos á nosa disposición moitísimos recursos didácticos de moi diversa índole que poden utilizarse no ensino e na aprendizaxe da lingua rusa. O principal criterio á hora de seleccionar estes materiais será a súa idoneidade para presentar ao alumnado situacións reais do uso da lingua rusa favorecendo a adquisición das competencias comunicativas. No nivel Básico a maior parte destes materiais terá que ser adaptada polo profesor, pero tamén poderan usarse os materiais auténticos.

Así, ademáis do libro de texto usado en clase, cada profesor poderá facer uso doutros recursos que se citan a continuación y que se seleccionarán segundo as necesidades do proceso de ensino-aprendizaxe para axudar aos alumnos a acadar os obxectivos do curso:

- Materiais propios creados polos profesores.
- Plataforma Moodle ou plataformas creadas polo profesorado como complemento ás aulas.
- Diversos dicionarios (físicos e online), materiais de consulta ou de lectura, audiovisuais e outros.
- Encerados dixitais, libros dixitais, as contornas e comunidades virtuais.
- Fragmentos de series/películas e cancións como material auténtico.
- Revistas, xornais e outros recursos online.
- Todos os materiais que están á disposición do alumnado e do profesorado (na biblioteca, na sala de lectura, na aula de recursos etc.)

Ademáis, o alumnado poderá acudir ás titorías co profesor que imparte o seu nive